



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO

Mediante resolución da concellaría de Persoal de data 10.08.2020 ditouse o seguinte acto administrativo cuxo contido literal é:

RESOLUCIÓN DA CONCELLARÍA DE PERSOAL

POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DE RESERVA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE TUI PARA O ANO 2019-2020

1.-Con data 06.08.2020 a secretaria do tribunal cualificador publica os resultados definitivos do proceso mais a proposta de contratación para a cobertura de 2 persoal técnico de emprego e orientación laboral e 1 persoal técnico prospector laboral dentro do Programa Integrado de Emprego do Concello de Tui para o ano 2019-2020.

2.-De acordo co disposto no punto 1 das bases da convocatoria “Os candidatos que superen todo o proceso e non consigan os postos pasarán a formar parte dunha lista de reserva do Programa Integrado de Emprego do Concello de Tui para o ano 2019-2020, de tal maneira que o Concello en caso de que se produza a extinción dalgún dos nomeamentos antes de que remate o período para os cales serán nomeados funcionarios interinos, se produzan baixas temporais por maternidade ou por outras causas, acudirá a dita lista de reserva tal e como se indicará no funcionamento da lista”.

3.-Seguindo o disposto no punto 10 das bases da convocatoria:

“ No caso de que as persoas seleccionadas non reunisen os requisitos necesarios para a contratación poderán ser substituídas polas seguintes da relación do proceso selectivo, por orden de puntuación de maior a menor, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razón de baixa, enfermidade, etc. utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso. Igualmente, o Concello podería optar por non cubrir unha praza, atendendo ás necesidades do programa e/ou ao tempo que reste por finalizar o mesmo.

Igualmente, esta relación poderá ser utilizada no caso de que a actividade do mesmo requira a ampliación de máis persoal para a realización do Programa Integrado de Emprego, como Técnico/a de emprego e prospección laboral.

Todas as persoas que superasen o concurso-oposición formarán parte dunha bolsa de emprego que se poderá empregar para a execución de novos programas de carácter temporal que se encontren financiados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e que respondan a desenvolver Programas Integrados de Emprego. A vixencia desta bolsa terá unha duración máxima de tres anos e quedará sen efecto para o caso de que se aprobe un novo procedemento de selección”



4.-De cara a posibles chamamentos e de acordo ao disposto na punto 11 das bases da convocatoria que regula o seu funcionamento, a listaxe de reserva para cada un dos postos queda conformada polas seguintes persoas e na orde correspondente a puntuación obtida no proceso selectivo:

Para persoal técnico de emprego e orientación laboral:

Apelidos e Nome	DNI	Total proceso
Concheiro Sánchez Ana	**9186**	20,10
Pampín González Mónica	**3395**	19,85
Costas Táboa Ascensión Rosario	**8362**	19,40
Arias González Carlos	**2164**	18,10
Lago Goberna María Pilar	**8484**	16,70
Alén Pérez Yulema María	**7536**	13,80
Rodríguez Losada Pérez Montero Mariana	**9140**	11,80

Para persoal técnico prospector laboral:

Apelidos e Nome	DNI	Total proceso
Costas Táboa Ascensión Rosario	**8362**	17,40
Molinos Campos Rosa María	**5010**	17,20
Rodríguez Losada Pérez Montero Mariana	**9140**	16,30
Lago Goberna María Pilar	**8484**	15,20

Por todo isto, esta concellaría delegada de Persoal (resolución de delegación 24.06.2019 nº 2019-0720)
RESOLVE:

- 1.- Aprobar a constitución da listaxe de reserva para cada un dos postos do Programa Integrado de Emprego para o ano 2019-2020 do Concello de Tui.
2. Expoñer o público esta Resolución, para xeral coñecemento.
3. Dar traslado da presente resolución o Pleno na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno o sr. Concelleiro de Persoal, José Ramón Magán Rivera.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

